

Convocatoria específica de concesión de subvencions programa Grupo Xerminal, de axudas a creadores/as locais.

I.- OBXECTO, FINALIDADE E NORMATIVA APLICABLE Á CONVOCATORIA

Base 1.- Obxecto e finalidade

1. 1. Obxecto:

Dentro do obxecto do IMCE de contribuír á defensa e divulgación dos valores socio-culturais da cidade e potenciar o desenvolvemento das actividades culturais no seu conxunto, está prevista a concesión de axudas a creadores/as locais, baixo a denominación *Grupo Xerminal*.

É obxecto desta convocatoria otorgar subvencions, en réximen de concurrencia competitiva, para a financiación de proxectos de creación ou intervención artística (servizos ou bens culturais) na cidade no ano 2018, que estean relacionados coa creación local.

Os proxectos de intervención artística estarán vinculados ao terreo da vangarda ou creación contemporánea, buscando expandir os límites da creación nos seus diferentes ámbitos de desenvolvemento.

1.2. Disciplinas artísticas:

Os proxectos deberán abarcar un ou varios dos seguintes entornos creativos e modalidades:

1.2. 1. Entornos creativos:

- a. Son _ Música, ruidismo, instalacións sonoras, subxéneros musicais, e outros entornos asimilados.
- b. Palabra _ Literatura, libro e lectura.
- c. Escena _ Artes vivas. Teatro, danza, circo, cabaré e outros entornos asimilados.
- d. Plástica _ Pintura, escultura, gravado, cerámica, cómic, ilustración, e outros entornos asimilados.
- e. Imaxe _ Audiovisual: cinema documental, de ficción, de animación. Videocreación.
- f. Outras manifestacións artísticas.

1.2.2. Modalidades:

- a. Exposicións e/ou instalacións temporais
- b. Exhibicións, recitais ou performances
- c. Intervencións sobre o territorio.

As intervencións poderán incluír unha programación expandida ou complementaria de talleres, seminarios, mesas redondas, conferencias ou similares, sempre que non supere o 25% do total da programación e orzamento.

1.3. Carácter innovador

Os bens e servizos culturais deberán ter carácter inédito, ou ter sido estreados ou presentados por primeira vez ante o público, con posterioridade ao 1 de marzo de 2018.

1.4. Localización

Os proxectos creativos poderán desenvolverse:

- a) Integramente na cidade da Coruña,
- b) En toda a comunidade autónoma de Galicia, sempre que polo menos a mostra, presentación ou devolución pública do proxecto teña lugar na cidade da Coruña.

Os proxectos terán carácter público e gratuíto e non se poderán desenvolver en espazos de acceso restrinxido.

Base 2.- Réximen xurídico

A presente convocatoria rexerese integramente polas presentes Bases, pola Ordenanza Xeral de Subvencións da área de Benestar do Excmo. Concello da Coruña (BOP nº 40 do 19/02/2005) e pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e os Regulamentos que as desenvolven e demais normas concordantes e de pertinente aplicación.

Así mesmo, na tramitación do gasto derivado desta convocatoria específica terase en conta o establecido na Base 11ª das de execución do Orzamento do IMCE do exercicio 2018.

As bases completas estarán a disposición das entidades na Sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gob.es>, e un extracto das mesmas na Base de Datos Nacional de Subvencións <http://www.infosubvenciones.es>. e na páxina web do Boletín Oficial da provincia da Coruña <http://bop.dicoruna.es/bopportal/>

II.- CRÉDITO PRESUPUESTARIO

Base 3.- Crédito presupostario

O importe global das subvencións desta convocatoria é de 120.000,00 €, que se imputan á aplicación 334/480.01 do Presuposto do IMCE de 2018.

Base 4.- Límite máximo da subvención para cada actividade ou proxecto

4.1. A contía máxima de cada proxecto é de 3.600,00 €, IVE incluído.

4.2. Financiarase o 100% de cada proxecto que resulte beneficiario da subvención.

4.3. Esta subvención non é compatible con outras axudas, de entidades públicas ou privadas.

III.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Base 5.- Gastos subvencionables

5.1. Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade obxecto da subvención, como gastos de persoal, gastos de profesionais, subministracións e servizos efectuados por provedores, etc. En todo caso, debe acreditarse fehacientemente no correspondente xustificante de gasto que este está directamente relacionado coa actividade.

5.2. Só serán subvencionables gastos correntes realizados no período de realización da actividade e efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación que figura na Base 16.

5.3. Non serán subvencionables os gastos de investimento nin os de natureza inventariable.

5.4. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

5.5. A posibilidade de subcontratación estará sometida ás limitacións establecidas no artigo 29 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

5.6. En ningún caso o beneficiario poderá contratar servizos ou subministros con persoas ou entidades vinculadas co beneficiario nos termos descritos no apartado 2 do artigo 68 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

- Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.
- Que se obteña a previa autorización do órgano concedente do seguinte modo:
 - Solicitud por parte do interesado con carácter previo á execución da actividade ou proxecto subvencionado.
 - O órgano concedente deberá adoptar un acordó, con anterioridade á execución da actividade subvencionada, indicando o terceiro aou terceiros cos que contratará e os servizos ou subministros que poden ser obxecto de contratación.

IV. REQUISITOS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS

Base 6.- Requisitos para obter a condición de entidade beneficiaria

6.1. Terá a consideración de beneficiario de subvencións a persoa que haxa de realizar a actividade ou proxecto que fundamentou o seu outorgamento e que se atope na situación que lexítima a súa concesión.

6.2. Só poderán acceder á condición de beneficiario persoas físicas (individualmente, en agrupacións de dous ou mais persoas ou como colectivos artísticos) que teñan a súa residencia na cidade da Coruña cunha antigüidade mínima desde o 1 de xaneiro de 2018 e perdurable durante todo o período subvencionable.

Así mesmo, poderán concorrer persoas físicas de calquera nacionalidade e residencia radicada no resto do Estado ou o estranxeiro, sempre que se incorporen a colectivos nos que polo menos o 50% dos participantes e o solicitante que actúe como representante sexan residentes no termo municipal da Coruña.

6.3. Non poderán acceder á condición de beneficiario as persoas que presenten proxectos para a convocatoria de subvencións do programa do IMCE Cultura de barrio 2018.

6.4. Cando se trate de agrupacións de persoas físicas, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que Terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigacións que, como beneficiario, corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos arts. 39 e 65 da Lei Xeral de Subvencións.

V. PROCEDEMIENTO

Base 7.- Réxime de concesión

O procedemento de concesión das subvencións obxecto da presente convocatoria tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

Base 8.- Prazo e forma de presentación das solicitudes

8.1 Presentación de solicitudes

A solicitude de subvención presentarase no Rexistro do IMCE (Avda. da Mariña, 18), no prazo de 15 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Cada persoa ou colectivo poderá presentar únicamente un proxecto; en caso contrario será excluída do procedemento.

8.2 Documentación das solicitudes:

A solicitude de subvención deberá incluír a seguinte documentación:

A) Relativa ao solicitante:

- a) Solicitude de subvención, según o modelo que se adxunta (Anexo S1)
- b) Copia do DNI.
- c) Historial artístico da persoa ou entidade e do equipo artístico.
- d) Declaración de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiarios sinalados nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións
- e) Certificados acreditativos de acharse ao corrente no pago das súas obrigacións tributarias e nas súas obrigacións fronte á Seguridade Social.
- f) Declaración responsable do compromiso de que todo o persoal dedicado á realización das actividades ou proxectos solicitada que impliquen contacto habitual con menores cumpre co requisito previsto no art. 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro de Protección Xurídica do menor e no art. 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de Voluntariado.
- g) Certificación dos datos bancarios da persoa/entidade solicitante.

B) Relativa á actividade, proxecto ou actuación solicitada: achegarase o correspondente proxecto, que debe incluír os seguintes apartados:

- a) Denominación.
- b) Descrición do contido da intervención artística a realizar
- c) Bocetos, planos, maquetas e restantes elementos gráficos necesarios para a adecuada comprensión da proposta e o seu alcance.
- d) Descrición do espazo no que se va a realizar a intervención.
- e) Proxecto técnico de execución, detallando a duración do proxecto e o calendario ou cronograma de realización.
- f) Temporalización.
- g) Recursos humanos, materiais e económicos.
- h) Orzamento de ingresos e gastos debidamente detallado, co suficiente nivel de detalle que permita identificar e comprobar que todos os aspectos de gasto son subvencionables.
- i) Calquera outra información que se considere necesaria para verificar os criterios de avaliación.

Base 9.- Criterios de valoración das solicitudes

Os criterios de valoración son os seguintes:

9.1. Interese cultural e calidade do proxecto, ata 42 puntos.

Para a valoración deste criterio atenderase, desde a especificidade, carácter propio e liberdade creativa de cada proxecto, ao valor específico do mesmo, tomando en consideración os seguintes aspectos:

9.1.1. Calidade artística e técnica, ata 20 puntos:

- Calidade da proposta creativa ou de actividades, tanto dos conceptos que a sustentan como dos diversos elementos do feito creativo e prácticas que a desenvolven, ata 12 puntos.
- Especificidade e coherencia entre a idea conceptual e a proposta para o seu desenvolvemento, ata 8 puntos.

9.1.2. Investigación e innovación, ata 14 puntos:

- Contribución do proxecto á promoción e impulso da innovación nas formas, estruturas e modos de produción de contidos culturais, así como ao estímulo da creatividade, a investigación e a experimentación, ata 6 puntos.
- Participación na proposta de creadores/as e artistas noveis, ata 4 puntos.
- Capacidade do proxecto para contribuír á sensibilización cara á creación contemporánea mediante estratexias e actividades de diversa índole que propicien o diálogo, o encontro, a consideración do espectador como suxeito activo ou a aprendizaxe compartida, ata 4 puntos.

9.1.3.- Cooperación ou sinerxias, ata 8 puntos.

- Proxectos realizados en colaboración con axentes culturais, sociais ou educativos da cidade da Coruña, ata 8 puntos.

9.2.- Interese sociocultural do proxecto, ata 31 puntos.

Para a valoración deste criterio, atenderase ao valor sociocultural específico de cada proxecto, tendo en conta os seguintes aspectos:

- Capacidade do proxecto para favorecer a diversidade cultural e funcional, as relacións interxeracionais ou a integración de persoas e colectivos en situación de vulnerabilidade, ata 4 puntos.
- Capacidade do proxecto para favorecer a consecución da igualdade efectiva de homes e mulleres, ata 4 puntos.
- Procesos e proxectos creativos destinados á infancia e mocidade, ata 3 puntos.
- Desenvolvemento de medidas efectivas para o cumprimento das boas prácticas na xestión cultural, en ámbitos como a xestión de recursos humanos, a xestión económica ou a transparencia, entre outros; así como a adhesión formal a códigos e manuais de boas prácticas do sector cultural, ata 6 puntos.
- Xestión participativa do proxecto e participación nos procesos artísticos de cidadáns ou axentes do tecido cultural, asociativo e veciñal, ata 6 puntos.
- Emprego do galego no desenvolvemento do programa: ata 8 puntos.

9.3. Viabilidade e precisión na exposición do proxecto, ata 12 puntos.

- Proporcionalidade entre o orzamento e o obxecto do proxecto, así como a claridade e idoneidade das diferentes partidas orzamentarias, ata 6 puntos.

- Claridade, concisión e precisión na formulación, presentación e estruturación do proxecto, ata 6 puntos.

9.4. Traxectoria, ata 10 puntos.

- Experiencia, coñecementos e traxectoria do solicitante no ámbito da actividade exposta, ata 10 puntos.

Para poder optar á subvención e necesario obter un mínimo de 57 puntos sobre os 95 puntos posibles.

A subvención concederáse aos proxectos que obteñan maior puntuación, ata o importe máximo total da subvención, que ten un límite de 120.000,00 €.

Base 10.- Mesa de Avaliación

Os proxectos presentados serán avaliados por unha mesa nomeada polo concelleiro delegado de Culturas, Deportes e Coñecemento, e composta por:

- O Concelleiro de Culturas ou persoa en quen delegue (con voz, pero sen voto)
- Un traballador do IMCE, que exercerá de Secretario.
- O Director da Área de Culturas ou funcionario da Área de culturas en quen delegue.
- Un traballador do IMCE.

A Comisión contará co asesoramento de:

- Dous representantes do tecido cultural da cidade.
- Dous representantes de institucións culturais da cidade.

Base 11.- Resolución

11.1. O acordo de resolución do procedemento notificarase ás entidades interesadas de acordo co previsto no artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

11.2. O prazo máximo de resolución e notificación da concesión das subvencións é de dous meses, contados a partir da finalización do prazo de presentación de solicitudes. O período utilizado para a corrección de deficiencias, achega de documentos e reformulación de solicitudes interromperá devandito prazo, ao amparo do artigo 22.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O vencimento do devandito prazo máximo sen notificar ou publicar a resolución, lexitima ás entidades interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a súa solicitude de concesión da subvención.

Base 12.- Recursos procedentes contra a resolución do procedemento

12.1. A resolución do procedemento poñerá fin á vía administrativa.

12.2. Contra a devandita resolución caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Con todo, as entidades interesadas poderán, con carácter potestativo, presentar recurso de reposición ante o propio órgano que ditou a resolución no prazo dun mes. Nese caso o prazo para a presentación do recurso contencioso administrativo empezará a contarse desde a notificación da resolución expresa do recurso. No caso de desestimación presunta, que se producirá se en o prazo dun mes non se resolve o recurso de reposición interposto (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas), a interposición do recurso contencioso-administrativo non se suxeita a prazo de caducidade (Sentenza do Pleno do TC STC 52/2014, do 10 de abril).

VIII. OBRIGACIÓNS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS

Base 13.- Obrigacións das entidades beneficiarias

De acordo co establecido no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 34 da Ordenanza Xeral de Subvencións da área de Benestar do Concello da Coruña, as entidades beneficiarias das subvención, obxecto desta convocatoria, estarán obrigadas a:

- a) Cumprir a finalidade e os obxectivos, executar o proxecto ou realizar a/as actividades que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Empregar os fondos percibidos nos fins e a finalidade para os que foron outorgados.
- c) Xustificar debidamente a cantidade percibida.
- d) Comunicar por escrito e motivadamente no prazo máximo dun mes desde a notificación/publicación da concesión da subvención calquera modificación dos datos identificativos do proxecto ou dos aspectos substanciais dos obxectivos do mesmo, para a súa aprobación.
- e) Establecer e, no seu caso, manter as medidas de coordinación necesarias co IMCE para o correcto desenvolvemento do proxecto.
- f) Proporcionar ao IMCE a información funcional, económica e estatística que se lle requira a efectos de seguimento, avaliación e planificación, así como facilitar a realización de cantas visitas de recoñecemento considérense necesarias.
- g) Facilitar a verificación da realización e xestión do proxecto, actuación ou actividade obxecto de subvención, a calquera responsable da xestión e/ou instrución do procedemento a través dos medios que se consideren máis adecuados.
- h) Comunicar ao IMCE a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración Pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades ou proxectos subvencionados. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- i) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- j) Reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.

k) A publicidade da actividades deberá realizarse nunha das dúas linguas oficiais, preferentemente en galego

l) Deberá facerse mención expresa da colaboración do IMCE/Concello da Coruña en todo soporte de comunicación empregado.

Aquelas actividades que se propoñan no marco da presente convocatoria e que estean sometidas á Lei 9/2013 do 19 de decembro, do Emprendemento e a Competitividade de Galicia, requirirán, en función dos criterios establecidos nela, a comunicación previa ao Concello ou, no seu caso, a obtención dunha licenza municipal.

Base 14. Criterios medioambientais

Con carácter xeral, será posible o uso de zonas verdes, arboradas ou axardinadas, así como dos espazos naturais da cidade para o desenvolvemento de eventos, cando non exista outra localización posible para elas e coa condición de que o Servizo de Medio Ambiente considere ese uso compatible e que se cumpran as condicións por el establecidas.

Serán de aplicación os seguintes criterios:

- As actividades proxectadas non poderán contemplar ningún tipo de intervención sobre as árbores e plantas do patrimonio municipal, xa sexa como elementos principais da actividade ou como elementos accesorios para o soporte de materiais ou das instalacións. A instalación de estruturas non deberá realizarse sobre espazos axardinados.

- Aquelas actividades que requiran abastecemento de auga non poderán usar bocas de incendios, redes de rega e demais elementos destinados aos servizos municipais. Por outra banda, a actividade non poderá levar a vertedura de augas residuais sobre superficies axardinadas, parterres e escavas ou sobre a vía pública.

- As actividades que requiran subministración eléctrica non poderán facer uso das instalacións asociadas ao mantemento de parques e xardíns ou outros servizos municipais, como a rede municipal de iluminación. Deberán obter, en calquera caso, o correspondente boletín emitido por un instalador eléctrico autorizado.

- Se se utilizasen moto-xeradores, compresores ou aparellos de similares características, ou ben se se utilizasen focos de calor (fornos, grelladas ou similares), estes deberán estar a unha distancia mínima de 3 metros da proxección vertical da copa das árbores, coas súas saídas de fume dispostas en sentido contrario á localización da vexetación.

- Durante o desenvolvemento da actividade e das tarefas de montaxe e desmontaxe das instalacións, evitarase o cerramento de plataformas e calzadas dos xardíns. Deberase permitir, en todo momento, o paso aos vehículos que operan no seu servizo e mantemento. Por outra banda, nos parques e as zonas axardinadas, a actividade non poderá levar a circulación de vehículos por lugares nos que non estea permitido, ao pór en risco a integridade dos elementos de rega soterrados.

- As arquetas e elementos de rexistro en superficie de calquera servizo público e, en particular, da rega, deberán permanecer en todo momento libres de ocupación.
- A actividade que se proxecta realizar non deberá levar a alteración dos horarios daqueles parques que están sometidos a un réxime de apertura e peche.
- A entidade organizadora do evento deberá prever os medios necesarios para manter as condicións de limpeza e ornato do espazo afectado. Así, disporá os medios de protección necesarios para evitar manchas sobre o pavimento ou outros elementos residuais provenientes tanto da actividade como da montaxe e desmontaxe de calquera infraestrutura que puidese requirirse para a realización do evento. Así mesmo, achegará os medios de protección necesarios para evitar que os residuos se espaxen fóra do sistema de contedores disposto polo Concello.

Sen prexuízo da preceptiva tramitación da licenza municipal nos casos en que sexa necesaria conforme á Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e a competitividade de Galicia, será necesario comunicarlle ao Servizo de Medio Ambiente cunha antelación mínima de 15 días sobre a data prevista de realización da actividade, os servizos básicos que se poidan requirir para o normal desenvolvemento dela (en particular, servizos de contedores, recollida de residuos e limpeza viaria).

IX ABONO DAS SUBVENCÍONS

Base 15. Abono da subvención

14.1. Con carácter xeral, o recoñecemento da obrigaón a favor do beneficiario e o pago da achega realizarase tras a presentación e a aprobación da xustificación nos termos establecidos nas presentes bases. Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas establecidas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

14.2. Con todo, poderán realizarse pagos a conta. Devanditos abonos a conta poderán supoñer a realización de pagos fraccionados que responderán o ritmo de execución das accións subvencionadas, abonándose por contía equivalente á xustificación presentada para iso.

14.3. Tamén poderán realizarse pagos anticipados que supoñerán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Neste caso, deberá ser solicitado expresamente pola entidade beneficiaria e deberá constituírse unha garantía do 10% do importe total da subvención, que se realizará mediante a retención do pago polo IMCE, xa sexa sobre o primeiro pago anticipado ou sobre varios ata alcanzar esta contía. Unha vez efectuada a debida xustificación e non existindo responsabilidade por parte da entidade beneficiaria, procederase á devolución da cantidade retida en concepto de garantía.

14.4. Os pagos a conta e os anticipados deberán solicitarse expresamente polo Interesado e, no seu caso, realizaranse previa resolución do órgano municipal competente para o outorgamento da subvención.

14.5. Non poderá realizarse o pago da subvención ao beneficiario en tanto non se

atope ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias coa Axencia Tributaria e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Base 16. Xustificación

Unha vez finalizada a actividade e, en todo caso, antes de que transcorran dous meses desde a finalización das actividades para realizar, a entidade beneficiaria deberá presentar a seguinte documentación no Rexistro do IMCE, para os efectos da xustificación:

1. Impreso de solicitude de xustificación, según un modelo que se adxunta (Anexo J1).
2. Memoria explicativa da realización da actividade e grao de cumprimento de obxectivos.
3. Balance dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada.

Debe ir acompañado das correspondentes facturas orixinais ou documentos de valor probatorio equivalente xustificativos, que se correspondan claramente coa finalidade para a que se concedeu a subvención.

As facturas que se presenten han de ser orixinais ou fotocopias debidamente compulsadas. Nelas deben constar os seguintes datos:

- Datos do emisor e do obrigado ao pago
- Número e data de emisión da factura
- Importe
- Concepto claramente identificado
- Data de pago.

Débase acreditar o pago das mesmas, non sendo admitida como xustificante dun gasto realizado ningunha factura da que non se acredite tal circunstancia, ou que non cumpra os requisitos enunciados no parágrafo anterior.

Admitiranse pagos en efectivo por importes de ata 500 euros; en caso de superar esa cantidade deberá acreditarse o pago mediante transferencia ou domiciliación bancaria. No caso de que o pago dun servizo estea fraccionado en varios pagos, o límite de 500 euros entenderase para o conxunto dos pagos correspondentes ao servizo

Para gastos cuxo destino sexan persoas físicas que presten servizos retribuídos deberán achegarse nóminas, boletíns de cotización á Seguridade Social (documentos TC1, TC2, ou os que os substituyan regulamentariamente) e documentos de ingreso en Facenda das retencións practicadas en concepto de IRPF.

4. Declaración de non percibir ingresos e/ou subvencións que financiasen a actividade. No caso de que existisen terían que ser comunicados.
5. No seu caso, cadro de desviacións do balance con respecto ao orzamento inicial e informe explicativo das desviacións.
6. Certificado de estar ao corrente das obrigacións tributarias co Estado e coa Seguridade Social.

O IMCE resérvase o dereito para comprobar, polos medios que considere oportunos, que a xustificación é correcta. Por tanto, o beneficiario quedará obrigado a facilitar tanta información lle sexa requirida polo servizo, a Intervención Xeral e os órganos competentes en censura de contas.

X. REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS

Base 17.- Reintegro das subvencións concedidas

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención concedida no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas de reintegro previstas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións e o artigo 45 da Ordenanza Xeral de Subvencións da área de Benestar do Concello da Coruña. Nos casos en que proceda, aplicarase o reintegro parcial, a porcentaxe de incumprimento que se establece no artigo 46 da anterior ordenanza.

A Coruña, 15 de marzo de 2018

O Presidente do IMCE, P.D.

José Manuel Sande García
Vicepresidente do IMCE

Anexo S1

SUBVENCIONES
Exercicio 2018

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

Nome ou razón social.....
N.I.F. Domicilio social
Localidade C. Postal
Tfno..... Fax..... E-mail.....

DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE

Nome e apelidos
N.I.F.

Vista a convocatoria de subvencions para o programa Grupo Xerminal

SOLICITA:

Que sea admitida a trámite a solicitude de subvención para a actividade, proxecto ou actuación denominado, cun orzamento de €.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ADXUNTA Á SOLICITUDE:

..... a de de

O/a representante:

Fdo. D./D^a.....

Anexo J1

SUBVENCIONS

Exercicio 2018

SOLICITUDE DE XUSTIFICACION

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

Nome ou razón social.....
N.I.F. Domicilio social
Localidade C. Postal
Tfno..... Fax..... E-mail.....

DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE

Nome e apelidos
N.I.F.

DECLARO

Que a entidade
realizou a actividade
nas datas cun gasto
por importe total de €.

E para os efectos de xustificación da subvención concedida, achego os documentos
esixidos nas bases da convocatoria e no artigo 37 da Ordenanza Xeral de
Subvencions da área de Benestar

..... a de de

O/a representante:

Fdo. D./D^a.....